



Rotulou: DANIEL DÍAZ VILLAMEL, ex-alumno


NACEMENTOS NA DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL

Chega o Nadal e con el a tradición belenística que, segundo di a tradición, arranca na Idade Media con San Francisco de Asís. Varios son os nacementos na diocese de Mondoñedo-Ferrol que merecen ser destacados, por máis que todos, aínda os máis modestos e sinxelos de calquera parroquia do rural teñen o seu aquel. Imos ver algúns.

1.- O BELÉN DE BEGONTE DO BELÉN

Este Belén está instalado na planta baixa do Centro Cultural «José Domínguez Guizán». Este belén naceu no ano 1972, cando o seus fundadores José Domínguez Guizán, párroco de Begonte, e José Luis Varela---- foron ver un nacemento á cidade da Coruña. Así o contaba José Domínguez Guizán: «Tivemos coñecemento de que en A Coruña, no centro de Formación Profesional Acelerada de Someso, coleccionaran un belén orixinal, movido electronicamente, e alá formos Varela e mais eu velo e intentar facar algo así. En canto volem, puxemos mans á obra e xa en decembro daquel ano conseguimos montar o belén. Eu creo que xa mellorando o orixinal. Era algo ó que lle viña dando voltas na miña mente desde había moito tempo. Algo que chamase a atención, que obrgase a acudir a Begonte, que nos distinguira como pobo, pero tamén respondese ás inquedanzas do meu ministerio, que formentase a relixiosidade e que representase adecuadamente a grandeza do misterio. Así naceu este belén do que estamos orgullosos»

No nadal de 1972, o Belén Electrónico de Begonte foi bendicido por don Miguel Anxo Araúxo Iglesias, bispo de Mondoñedo-Ferrol.



O misterio do Belén de Begonte

Trátase dun belén con oitenta figuras que se pode dicir que ten vida propia, no que as figuras están animadas electronicamente e, en conxunto, conforman unha escena de belén tradicional axeitado a Galicia de tal xeito que reproduce a vida de calquera parroquia da Terra Chá. Podemos dicir con propiedade, que este é un Belén que fai posible o diálogo fe-cultura, xa que é atractivo para os crentes e para os non crentes porque alí están presentes motivos relixiosos, motivos culturais, motivos etnográficos, motivos da cultura popular.

Esta edición abriu as súas portas o pasado día cinco de decembro co pregón que pronunciou Nava Castro, Secretaría Xeral de Turismo e pechará o día trinta de xaneiro. Como todos estes anos, haberá os concursos de Xornalismo sobre o Nadal, o Nacional de Poesía, o de debuxo infantil e o Certame Galego de Arte. Un ano máis, Begonte do Belén celebra o seu prolongado Nadal que foi declarado de Interese Turístico Galego.

2.- O BELÉN PARROQUIAL DE ORTIGUEIRA

O Belén parroquial de San Marta de Ortigueira está instalado na igrexa. Inaugurouse o pasado día tres de decembro do pregón que estivo a cargo do profesor vivariense Carlos Adrán Goás.

A orixe deste nacemento remóntase ó ano 1924. Trátase dun escenario desmontable, disposto en varios niveis, con telóns intermedios que dan a sensa-